

LECTURA COMPRENSIVA

Desvelado o «misterio da fosa atlántica»

Flores mutantes para a paz mundial

Santiago de Compostela

Valter Simmos

Correspondente en España

Dende a tarde de onte o «misterio da fosa atlántica» xa non é tal e moitas explicacións vai ter que dar o Alto Mando da OTAN para convencernos da bondade da súa versión dos feitos, recollida anteriormente nestas mesmas páxinas. Dúas organizacións ecoloxistas, a galega ADEGA e a internacional «Greenpeace», ofreceron onte unha conferencia de prensa na que informaron da arriscada viaxe que, camuflados nun pequeno barco pesqueiro, fixeron ata a fosa atlántica. Unhas fermosas flores dun branco nacarado e un amplo dossier excelentemente documentado, dan proba de todo o que os ecoloxistas afirmaron na roda de prensa que, en resumo, é o seguinte: a misteriosa mancha brillante, que a OTAN atribuíu a residuos de po radioactivo, estaba formada por flores. Flores dunha nova raza, xerada por mutación como consecuencia dos efectos dos verquidos nucleares. Flores que, e isto é o importante, teñen a extraordinaria calidade de transformar en afervoadada pacifista a toda aquela persoa que cheire o seu penetrante arrecendo. Isto, de seguro, ha provocar nos vindeiros días serias consecuencias no panorama político mundial.

Así que, á vista destes feitos, que unha nova da OTAN veu de cualificar como «fantasías propias dun grupo de extremistas iluminados», xa se pode afirmar categoricamente que o que a OTAN destruíu onte, nun espectacular bombardeo, non foi «un po radioactivo que ameazaba á vida mariña e a longo prazo á vida das persoas», senón o xerme do que pode ser unha nova época de paz mundial. E entón cabe preguntarse, de quen nos defende a OTAN? Traballan para a paz, como din, ou necesitan un mundo cheo de conflitos para poder subsistir?

Non resulta doado vaticinar o que pode pasar a partir de agora, aínda que a ninguén se lle escapa que as cousas non van quedar como estaban. Polo de pronto, ADEGA e «Greenpeace» xa se responsabilizaron da distribución masiva de flores, que se reproducen con abraiante facilidade, a tódolos lugares do mundo. O flower's power; o vello soño dos hippies daquela década prodixiosa que foron os anos sesenta está a piques de se cumprir: flores para a paz mundial.

A. Fernández Paz: As flores radioactivas

1. Indica cal é o tema que se trata no texto.

2. Responde:

- Cal é «o misterio da fosa atlántica?
- Que estratexema seguiron as organizacións ecoloxistas para descubrir a verdade dos feitos?
- Que propiedades posúen as flores?

3. Busca o significado de OTAN, Greenpeace e ADEGA.